

Sr Alcalde:

O abaixo firmante, **Ernesto Filgueira Touriño**, portavoz do BNG no Concello de Cerdedo e Cotobade presenta a seguinte Moción referida á “**MELLORA DOS SERVIZOS DE EMERXENCIA**”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Queremos empezar esta exposición de motivos co agradecemento a tódolos traballadores públicos pola súa labor de servizo ao cidadán, traballadores sen os que o día a día do estado non se podería desenrolar.

Médicos, profesores, bombeiros, traballadores municipais, etc... merecen o noso recoñecemento por que nunha situación de carencia de medios fan coa súa abnegada labor que as obrigas do estado se cumpran con efectividade.

É unha fonda preocupación para este grupo municipal ver como o concello de CERDEDO-COTOBADE está a **perder calidade asistencial nos seus servizos básicos ano tras ano**, polo que creemos é necesario **reclamar das administracións competentes restitúan eses servizos públicos** para que os nosos veciños dispoñan dun hábitat de calidade e non sexa necesario emigrar a outras vilas ou pobos por ter mellores servizos públicos.

Estamos a ver como as catástrofes naturais e de orixe humano no noso municipio está a medrar, a casuística é moi variable e obedece a causas diversas, pero o certo é que nestes últimos anos estamos a observar un incremento das incidencias no noso concello. Baste recordar o desastre acontecido cos incendios forestais de novembro do 2017 onde o lume chegou a moitos dos nosos pobos, ás portas mesmo das casas.

Só nesa baga de incendios e só na provincia de Pontevedra víronse afectados máis de 200 bens distintos de natureza forestal e máis de 20.000Ha do territorio.

No tocante a accidentes estamos a ver un preocupante aumento da sinistralidade na estrada, froito dunha leve recuperación económica e dun maior número de desprazamentos.

Todos eles pon de manifesto a **necesidade de mellora das vías** que discorren polo noso concello e a **necesidade de medios de emerxencias sanitarios** nas cercanías do noso pobo.



Corresponde á Xunta de Galicia a superior coordinación das emerxencias.

Corresponde ao consorcio provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento a prestación no noso concello dos servizos de extinción de incendios estruturais e salvamento.

Este consorcio, que debería prestar o servizo ao noso concello, dispón tan só de catro parques de bombeiros para atender toda a provincia de Pontevedra e todos eles están situados de maneira que hai puntos do noso concello nos que a atención está por encima da hora de tempo de resposta.

Recomenda da U.E que este **tempo de resposta sexa de 20 minutos**, pois no noso concello hai pobos que triplican ese tempo de atención.

É un agravio comparativo con outras provincias ou con outras zonas desta provincia e sen dúbida, xunto coa carencia doutros servizos públicos, un dos motivos de que os nosos veciños marchen a outros pobos.

É hora de que as **administracións públicas presten un servizo de emerxencias de calidade** ao concello de Cerdedo-Cotobade e que se dote á nosa contorna dun parque de bombeiros e dos servizos sanitarios que permitan ter unha atención razoable en caso de emerxencia.

Entendemos que a Corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade como representante dos veciños e veciñas así como dos seus intereses e necesidades debe posicionarse sobre asuntos desta magnitude, polo que en función de todas estas consideracións, elévase ao PLENO MUNICIPAL o seguinte **ACORDO**:

- Que a corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade inste á Axencia Galega de Infraestruturas - Xunta de Galicia á mellora da seguridade de maneira urxente nas vías da súa titularidade no seu trazado no obxecto de garantir a seguranza viaria máis óptima para peóns e conductores.
- Que a corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade inste á Deputación de Pontevedra á mellora da seguridade de maneira urxente nas vías da súa titularidade no seu trazado polo concello na máxima de garantir a seguranza viaria peonil e do tráfico rodado.



**Cerdedo
Cotobade**

- Que a Corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade inste ao Consorcio provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento á creación de parques e dotación de medios que permitan reducir o tempo de resposta ante emerxencias no noso concello.
- Que a Corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade inste á Xunta de Galicia como titular da superior organización en función da lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia á dotación de medios que permitan reducir o tempo de resposta ante emerxencias no concello.

Ernesto Filgueira Touriño
35283664P

A 16 de setembro de 2019